



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Dereito Administrativo	Código	760G01028	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Sánchez González, Jennifer	Correo electrónico	j.sanchezg@udc.es	
Profesorado	Sánchez González, Jennifer	Correo electrónico	j.sanchezg@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia pretende un acercamento do estudante á realidade xurídica administrativa a través do coñecemento da organización da Administración pública en España, a comprensión das actuacións típicas da Administración, así como o réxime xurídico das Administracións Públicas e o procedemento administrativo común. Considerase fundamental para acadar os obxectivos, o manexo das fontes do ordenamento xurídico-administrativo e a práctica na análise xurisprudencial, así como a lectura de diversos documentos de carácter administrativo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecemento do ordenamento xurídico administrativo.	A30 A31	B2 B4 B8 B14
Coñecer as diferentes actividades e actuacións das Administracións Públicas.	A31	B2 B4 B8 B14	
Manexo das TIC e a súa aplicación práctica.	A13 A31	B1 B2 B4 B13 B14	C3 C6 C8
Traballo e aprendizaxe colaborativo para a resolución de problemas xurídico-administrativos.	A13 A20 A30 A31	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B14 B15 B16	C1 C2 C3



Resolución e análise crítico de cuestións administrativas e xurídicas.	A13 A20 A30 A31 A35	B1 B2 B3 B4 B5 B8 B13 B14 B15	C1 C3 C6 C7 C8
Análise crítico dos diferentes ámbitos e modos da actuación administrativa.	A31 A35	B2 B4 B8 B14	C2 C3 C4 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
I. O Dereito Administrativo.	I.1. O nacemento e a evolución histórica do Dereito Administrativo. I.2. As fontes do Dereito Administrativo. I.3. A relación do Dereito Administrativo con outras disciplinas xurídicas.
II. A organización da Administración Pública.	II.1. A potestade organizatoria. II.2. Os órganos administrativos. II.3. A competencia na Administración Pública.
III. Principios de funcionamento da Administración Pública.	III.1. Os principios de funcionamento das Administracións.
IV. O acto administrativo.	IV.1. Consideracións xerais. IV.2. Clases de actos e elementos. IV.3. A eficacia dos actos administrativos. A irretroactividade. IV.4. A invalidez do acto administrativo.
V. O procedemento administrativo común.	V.1. Réxime xurídico xeral. V.2. A tramitación do procedemento administrativo. V.3. A finalización e formas de terminación. V.4. Recursos administrativos.
VII. Ámbitos de actuación administrativa.	VII.1. As actividades administrativas típicas: fomento, policía e servizo público. VII.2. Nocións xerais de contratación administrativa. VII.3. A responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas. VII.4. Aproximación xeral ós ilícitos administrativos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A13 A30 A31 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B12 B13 B14 B15 C3 C5 C6 C7 C8	5	15	20
Presentación oral	A13 A20 A30 B2 B5 B7 C1	5	5	10
Actividades iniciais	B3 B6 B7 B8 B9 B13 C3 C7 C8	5	10	15



Estudo de casos	A13 A30 A31 A35 B1 B2 B4 B8 B9 B13 B14 B15 C3 C4 C6 C7	15	10	25
Aprendizaxe colaborativa	A13 A30 A31 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B13 B14 B15 B16 C3 C6 C7 C8	10	20	30
Discusión dirixida	A31 B1 B4 B6 B7 B8	5	0	5
Lecturas	A13 B2 B4 B6 B7 B8 B14 C2 C3 C6 C7 C8	0	15	15
Prácticas a través de TIC	A31 B2 B4 B14 C3	5	5	10
Sesión maxistral	A13 B2 B6 B7 B8 B12 B14 C7 C8	15	0	15
Atención personalizada		5	0	5
<b>*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado</b>				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Ó finalizar o cuadrimestre os alumnos deberán realizar unha proba de coñecementos sobre os aspectos máis relevantes que se trataron ó longo do mesmo.
Presentación oral	Os traballos feitos polos alumnos en grupo serán presentados por estes de forma oral, sendo importante que a aprendizaxe dos temas tratados sexa feita de forma colaborativa. Valorarase a capacidade de organización e xestión da información acadada. Ademais, a presentación oral final do traballo feito ó longo do curso terase en conta.
Actividades iniciais	Nas primeiras sesións presenciais os alumnos aprenderán o léxico xurídico administrativo cunha aproximación ó que vai ser o desenvolvemento da materia.
Estudo de casos	Principalmente a través da análise xurisprudencial e o estudo de resolucións de carácter administrativo. O estudo da casuística vai proporcionar ós alumnos uns coñecementos prácticos moi necesarios para o seu futuro profesional.
Aprendizaxe colaborativa	As clases organizaranse en pequenos grupos nos que os alumnos traballarán de forma conxunta e baixo a dirección do docente a fin de obter uns mellores resultados.
Discusión dirixida	Faranse discusións sobre temas importantes propios do Dereito Administrativo e que teñan que ver con preocupacións da sociedade actual. Desenrolaranse en forma de debate e serán dirixidas polo docente.
Lecturas	A través da bibliografía proporcionada os alumnos lerán textos de carácter xurídico administrativo que serán expostos nas sesións presenciais.
Prácticas a través de TIC	En dúas clases os alumnos aprenderán o manexo de bases de datos xurídicas para aprender a manexar as fontes e así poder resolver de xeito adecuado a casuística plantexada.
Sesión maxistral	O docente explicará os temas que forman parte dos contidos da materia insistindo en aqueles conceptos de interese para o desenvolvemento do tema, de xeito que os alumnos vexan resoltas as dúbidas que poidan ter.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Aprendizaxe colaborativa</p> <p>Actividades iniciais</p> <p>Discusión dirixida</p> <p>Estudo de casos</p> <p>Lecturas</p> <p>Prácticas a través de TIC</p> <p>Presentación oral</p> <p>Proba obxectiva</p> <p>Sesión maxistral</p>	<p>A atención personalizada estará presente en calesquera das metodoloxías utilizadas, o seren grupos pequenos é moito máis doada polo contacto directo entre o docente e os seus alumnos. Asimesmo, as tutorías permitirán unha atención inividualizada do alumnado, en relación coa materia e calquera aspecto metodolóxico.</p>
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A13 A30 A31 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B13 B14 B15 B16 C3 C6 C7 C8	<p>A colaboración nos grupos de traballo é fundamental da mesma maneira que a participación e o interese amosado por cada alumno, o que se valorará de xeito individual. Ademais, valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A capacidade para organizar e planificar o traballo.</li> <li>- A interrelación entre os membros do traballo en grupo.</li> <li>- A capacidade para liderar ou coordinar os membros do grupo de traballo.</li> <li>- A capacidade para respectar as opinións xurídicas dos compañeiros, e intentar acadar unha resposta común a un problema xurídico.</li> </ul>	10
Estudo de casos	A13 A30 A31 A35 B1 B2 B4 B8 B9 B13 B14 B15 C3 C4 C6 C7	As valoracións dependerán do grado de comprensión-expresión dos alumnos na resolución dos casos propostos.	15
Prácticas a través de TIC	A31 B2 B4 B14 C3	<p>Valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O manexo adecuado das bases de datos xurídicas.</li> <li>- Saber manexar os recursos tecnolóxicos que as Administracións Públicas poñen a dispor do cidadán.</li> <li>- Saber discriminar a información obtida a través das TIC para a resolución dos casos.</li> </ul>	10
Presentación oral	A13 A20 A30 B2 B5 B7 C1	<p>Valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A expresión oral do alumno.</li> <li>- A capacidade de síntese do traballo efectuado e a súa comunicación oral.</li> <li>- O dominio da linguaxe técnica na súa expresión oral.</li> </ul>	10
Proba obxectiva	A13 A30 A31 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B12 B13 B14 B15 C3 C5 C6 C7 C8	<p>Valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O coñecemento das cuestións plantexadas polo docente na proba final da materia.</li> <li>- A claridade expositiva dos coñecementos.</li> <li>- A capacidade de síntese e o dominio dos contidos da materia.</li> </ul>	50
Sesión maxistral	A13 B2 B6 B7 B8 B12 B14 C7 C8	<p>Valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A asistencia con aproveitamento ás sesións maxistrais, fundamentalmente a participación do alumno nas cuestións que se plantexen ó longo das mesmas.</li> </ul>	5

### Observacións avaliación



A avaliación do alumnado, tal e como se desprende das metodoloxías empregadas estruturase en dous grandes bloques:

1 - A actividade continuada do alumnado no aula, que abrangue a resolución de casos individuais e en grupo, utilizando para iso os textos xurídicos e as bases de datos e lecturas de referencia. Todo isto ademais da participación activa do alumnado nas discusións dirixidas que o docente propoña en atención ós temas de estudo, e a aprendizaxe inicial do léxico e os conceptos xurídicos precisos. Para todo isto, a asistencia con aproveitamento resulta esencial. A avaliación en conxunto destas actividades supón un 40% da calificación total da materia.

2 - A realización dunha proba obxectiva final, na que se valorarán os coñecementos adquiridos polo alumnado. A proba obxectiva supón un 60% da calificación total da materia.

En calquera caso, É IMPRESCINDIBLE APROBAR A PROBA OBXECTIVA FINAL da materia PARA poder SUPERAR A ASIGNATURA.

A aqueles alumnos que non superasen a materia na primeira das convocatorias (xuño), manteráselle a porcentaxe da calificación obtida nos restantes apartados avaliáveis (excluíndo, por tanto, a nota da proba obxectiva) para o cálculo da nota final na convocatoria de xullo.

No suposto do alumnado que

teña recoñecido o réxime de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia" nos termos previstos na "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC" e nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario", a avaliación (tanto no mes de xuño, como no mes de xullo) consistirá na realización dunha proba obxectiva do coñecemento da materia incluída no programa da asignatura, que terá un valor do 100% da cualificación final da materia. As probas de avaliación se farán en castelán e o alumnado

poderá solicitar, con unha semana de antelación, a realización noutro idioma oficial de UDC.

La realización fraudulenta de las pruebas o actividades de evaluación, una vez comprobada, implicará directamente la calificación de suspenso en la materia en la oportunidad correspondiente, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederá a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

- Jaime Rodríguez-Arana Muñoz (). Derecho Administrativo español. T1: Introducción al Derecho administrativo constitucional. Netbiblo
- Jaime Rodríguez-Arana Muñoz (2009). Código da Administración Galega. Netbiblo
- Juan Alfonso Santamaría Pastor (2015). Principios de Derecho Administrativo General (I y II). Iustel
- E. Gamero Casado y S. Fernández Ramos (). Manual básico de Derecho administrativo. Tecnos
- Luis Martín Rebollo (última ed.). Leyes Administrativas. Aranzadi

#### Bibliografía complementaria

· COSCULLUELA MONTANER, L.: Manual de Derecho Administrativo, ed. Civitas. · ENTRENA CUESTA, R.: Curso de Derecho Administrativo, 2 vols. Ed.. Tecnos · GARCÍA DE ENTERRÍA, E. y FERNÁNDEZ-RODRÍGUEZ, T. R.: Curso de Derecho Administrativo, 2vols. Civitas · MORELL OCAÑA, L.: Curso de Derecho Administrativo, 2 vols. Ed. Aranzadi · PARADA VÁZQUEZ, J.R.: Derecho Administrativo, 3 vols. Ed. Marcial Pons · BERMEJO VERA, José (director): Derecho Administrativo, Parte especial, Ed.. Civitas, Recursos web: · I. LEXISLACIÓN. 1. Fontes oficiais. A. Unión Europea: · Diario Oficial de la Unión Europea, que se pode consultar a texto completo, da mesma maneira que toda a normativa comunitaria vixente, na páxina <http://www.europa.eu.int/eur-lex/es> · Para todo tipo de información sobre a Unión Europea e as súas Institucións resulta fundamental a páxina: <http://www.europa.eu.int/B>. Estado español: · Gaceta de Madrid e Boletín Oficial del Estado (este último nome dende 25 de xullo de 1936), coleccións; é o texto oficial. A consulta das normas máis recentes estádisponible en internet: <http://www.boe.es> · Para o seguimento da tramitación parlamentaria dos proxectos de lei estatais se poden consultar as direccións de internet del Congreso de los Diputados e do Senado: <http://www.congreso.es> e <http://www.senado.es> Tamén é recomendable o manexo do portal público <https://administracion.gob.es>. Comunidades Autónomas: · Diarios Oficiais das distintas Comunidades Autónomas.



Recomendacións
<b>Materias que se recomenda ter cursado previamente</b>
Introdución ao Dereito/760G01001
<b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b>
<b>Materias que continúan o temario</b>
<b>Observacións</b>

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías